

ORDE 28 DE AGOSTO DE 1995 POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA GARANTIR O DEREITO DOS ALUMNOS DE ESO E DE BACHARELATO A QUE O SEU RENDEMENTO ESCOLAR SEXA AVALIADO CONFORME A CRITERIOS OBXECTIVOS


PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN NO CENTRO

O alumnado, pais ou titores poderán solicitar aclaracións sobre a valoración do proceso de aprendizaxe, as cualificacións e as decisións que se adopten como resultado de dito proceso.

Se existe desacordo entre o alumnado/pais/titores e a cualificación final ou decisión de promoción/titulación comunicada, poderán formular reclamacións segundo o seguinte proceso:


PRIMEIRA INSTANCIA

- Presentar solicitude, por escrito, de revisión de cualificación final obtida nunha área ou materia ou a decisión de titulación ou promoción, incluíndo as alegacións que xustifiquen a disconformidade. Prazo: 2 días hábiles a partir daquel no que se produce a comunicación.
- A solicitude será tramitada pola Xefatura de Estudos. No caso de disconformidade coa cualificación final, trasladarase á Xefatura do Departamento Didáctico correspondente e será comunicada ao profesorado titor. Cando se solicite a revisión de decisión de promoción ou titulación, trasladarase ao profesorado titor do alumno/a que convocará ao Equipo Docente.




Revisión da cualificación final dunha área ou materia

- O profesorado do Departamento contrastará a adecuación das actuacións seguidas no proceso de avaliación có establecido na programación didáctica do Departamento correspondente, inserta no Proxecto Curricular de etapa (adequación dos obxectivos e contidos, dos procedementos e criterios de avaliación,...).
- Elaborarase un informe que recolla a descrición dos feitos, actuacións previas, decisión de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.
- A Xefatura de Departamento trasladará o informe á Xefatura de Estudos que comunicará por escrito aos pais /titores a decisión razoada. Prazo: Primeiro día hábil seguinte a aquel no que finalice o período de solicitude de revisión.



Revisión da promoción/titulación

- O Equipo Docente do grupo ao que pertenza o alumno/a celebrará unha reunión extraordinaria. Prazo máximo: 2 días hábiles dende a finalización do periodo de solicitude de revisión.
- O profesorado titor recollerá acta desa sesión extraordinaria facendo constar a descripción dos feitos e actuacións, deliberacións, ratificación ou modificación da decisión obxecto de reclamación, conforme aos criterios de promoción e titulación do alumnado establecidos con carácter xeral para o Centro no Proxecto Curricular de Etapa.
- A Xefatura de Estudos comunicará aos pais/titores por escrito a ratificación ou modificación da decisión de promoción /titulación.



Se procede a modificación dalgunha circunstancia, o Secretario do centro insertará na documentación que corresponda, unha dilixencia visada pola Dirección (tanto no caso de revisión de cualificación final como na revisión da decisión de promoción/titulación).

SEGUNDA INSTANCIA

- Se persiste desacordo na resolución dada en primeira instancia, os pais/titores poderán solicitar por escrito á Dirección do Centro que eleve a reclamación á Delegación Provincial. Prazo: 2 días hábiles a partir da última comunicación do Centro.
- A Dirección remitirá o expediente completo da reclamación á Delegación Provincial ao que engadirá os informes elaborados polo Centro, instrumentos de avaliación empregados, novas alegacións do reclamante, informes complementarios, se proceden, acerca das mesmas.
- O servizo de Inspección analizará o expediente e emitirá a resolución pertinente nun prazo de 15 días e comunicará a Dirección do Centro.

